

## Fondo de protección e valorización Ano 2016

### Obxecto:

O fondo de protección e valorización ten como finalidade protexer e poñer en valor os resultados innovadores da I+D da universidade con potencial de mercado para que poidan ser transferidos á sociedade mediante acordos de colaboración, ou de licenciamento, ou mediante a creación de novas empresas baseadas no coñecemento.

### Contía:

O fondo está dotado de 30.000€

### Áreas:

- Protección dos resultados da investigación: Cubrir e/ou complementar os custos de tramitación e rexistro de patentes nacionais, extensións internacionais, cotitularidades, e depósitos de material.
- Valorización dos resultados da investigación: Cubrir e/ou complementar o financiamento para a realización de estudos, plans de negocio e traballos técnicos, que melloren a viabilidade técnica, económica e comercial dos resultados da nosa investigación, ou que orienten na creación de empresas baseadas no coñecemento.

### Solicitudes:

Solicitudes promovidas polo persoal investigador, presentadas e coordinadas coa Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI). Adxudicación pola Vicerreitoría de Transferencia de Coñecemento, previa aprobación e valoración da Comisión de Investigación e Transferencia da universidade.

### Criterios de uso:

Aplicarase o principio de subsidiariedade en canto a cubrir aqueles gastos que cumprindo os requisitos especificados, son promovidos por grupos que non dispoñen de plans de financiamento específicos para actuacións de transferencia.

Os gastos elixibles no fondo serán facturados á Universidade de Vigo e aboados directamente por esta; non se procederá ao abono de facturas que teñan sido pagadas polos grupos de investigación.

Excepcionalmente, e baixo criterios de viabilidade, impacto e interese comercial, poderán cubrirse outro tipo de gastos relativos á protección e valorización, non expresamente recollidos aquí, que sexan previamente xustificadas e contén coa aprobación da Comisión de Investigación e Transferencia.

### Requisitos xerais:

#### Área de Protección:

- As novas solicitudes de patentes deberán cumprir os requisitos de patentabilidade, en especial o de novidade de invención.
- As patentes existentes deberán ter menos de dez anos de antigüidade ou ben ter en vigor un contrato de licenza que cubra os gastos de tramitación.
- Gastos elixibles
  - Tasas de tramitación de patentes nacionais compartidas con organizacións non exentas do seu pago.
  - Tasas de tramitación de extensións vía PCT, Europea ou por países. Dado que existen varias vías de tramitación serán elixibles só as contías da vía menos custosa.
  - Gastos de tramitación de entrada en fases rexionais-nacionais das extensións internacionais de patentes, cun máximo de dous países ou rexións.
  - Depósitos de material biolóxico cando sexan necesarios para o rexistro da solicitude.

### Área de Valorización:

- Cubriranse os plans de negocio e estudos de viabilidade necesarios para sondear o potencial comercial dos resultados da investigación.
- Terán prioridade ás iniciativas de creación de empresas baseadas no coñecemento, que teñan feito a correspondente solicitude á universidade.
- Cubriranse gastos elixibles ata un máximo de 2000€ por iniciativa ou resultado a avaliar
- Gastos elixibles: aqueles gastos que deriven da análise, estudo ou posta en valor dos resultados de investigación, cun certo grado de madurez.